

A CONSELLARÍA IMPÓN PRAZAS CON PERfil DE INGLÉS QUE OS CENTROS NON DEMANDAN

Esta decisión da administración educativa galega ten graves consecuencias laborais e pedagóxicas.

Un estudo do STEG comproba que a Consellaría publicou vacantes con perfil lingüístico non demandadas polos centros educativos. Entre elas destacamos as seguintes:

Nome do centro	Localidade	Prazas de primaria (38)		Provincia	
		Inglés	Sen inglés		
CEIP Plurilingüe San Marcos	Abegondo	1	1	A Coruña	Solicitan só unha porque lles é suficiente. Non tiñan esa praza anteriormente con perfil lingüístico
CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal	Oleiros	1	1	A Coruña	Existía xa esa praza con perfil lingüístico
CEIP Plurilingüe de Andrade	Pontedeume	1	0	A Coruña	Esa praza estivo cuberta varios anos con provisionais con perfil lingüístico. Este é o 1º ano que a cubren definitivamente con perfil lingüístico
CEIP Plurilingüe Santa Rita	Viveiro	1	0	Lugo	O centro non a solicitou con perfil lingüístico. Perfilouna a Consellaría
CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo	Carballiño	1	0	Ourense	O centro non a solicitou con perfil lingüístico. Perfilouna a Consellaría
CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro	Barbadás	2	0	Ourense	O centro non a solicitou con perfil lingüístico. Perfilouna a Consellaría
CEIP Plurilingüe Irmáns Villar	Ourense	1	0	Ourense	O centro non a solicitou con perfil lingüístico. Perfilouna a Consellaría
CEIP Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso	Ourense	1	0	Ourense	Pediron a praza con perfil lingüístico
CEIP Plurilingüe de Seixalbo	Ourense	1	0	Ourense	O centro non a solicitou con perfil lingüístico. Perfilouna a Consellaría
CPI Plurilingüe Tomás de Lemos	Ribadavia	1	0	Ourense	O centro non a solicitou con perfil lingüístico. Perfilouna a Consellaría
CEIP Plurilingüe dos Blancos	Os blancos	1	0	Ourense	O centro non a solicitou con perfil lingüístico. Perfilouna a Consellaría
CEIP Plurilingüe de San Roque de Darbo	Cangas	1	0	Pontevedra	Este ano é plurilingüe por 1ª vez e solicitaron a praza con perfil lingüístico

Que problemas provoca esta práctica da Consellaría?:

1. **Desde o punto de vista laboral:** pervértese o Concurso Xeral de Traslados do profesorado galego xa que a estas prazas só poderá optar o profesorado que teñan a titulación de lingua extranxeira B2. Esta situación vai provocar que profesorado con moi poucos anos de experiencia adquira o dereito a estas prazas fronte a outro profesorado con moitos máis anos de labor docente e que ata agora tiña preferencia no acceso a esas prazas.

Resulta máis rexeitable se consideramos que despois do acceso a estas prazas só existe a obriga a mantelas na lingua estranxeira durante dous cursos. Xa que logo, convértese nunha forma de acceso a vacantes que antes se concedían exclusivamente por antigüidade e que agora se poden conseguir, para a toda a vida, a cambio de impartila dous cursos en inglés.

O STEG foi o único sindicato que denunciou esta situación introducida na mesa sectorial do 27/11/2008 e posteriores.

2. **Desde o punto de vista pedagóxico:** o STEG sempre dubidou das bondades deste sistema de aprendizaxe de linguas estranxeiras por varios motivos:

- A titulación esixida para impartir na lingua estranxeira é insuficiente para o obxectivo perseguido.
- A competencia lingüística do alumnado provoca unha deficiente adquisición do currículo da materia impartida na lingua estranxeira.
- Desde o STEG demandamos como sempre un plan integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras que reforce a competencia do noso alumnado.

O STEG esixe da Consellaría a corrección do perfil lingüístico destas vacantes e o cambio na forma de cubrir as que teñan perfil lingüístico, que non debe ser a través do CXT.